

MÁIS ALÁ DO MOTIVO DE CONSULTA

Autoras: Dra. Jimena Muñiz Miguel- MIR 1º ano. Centro de Saúde Santa Cruz (A Coruña)
Dra. Margalida Cañellas Dols- MIR 1º ano. Centro de Saúde Carballo (A Coruña)

ÁMBITO DO CASO

Urxencias Hospitalarias, Atención Primaria.

MOTIVO DE CONSULTA

Disuria.

HISTORIA CLÍNICA

Antecedentes: Migrante sen permiso de residencia. HTA (país de orixe). Descoñecemos outros.

Anamnese: Muller 57 anos que acude a Urxencias hospitalarias por disuria de catro horas de evolución. Durante a consulta a acompañante incide dunha maneira importante en que ademáis a paciente é hipertensa e no seu país tomaba medicación que xa non ten, polo que está sen tratamento nin seguimento para a HTA.

Exploración: Dor abdominal suprapúbica.

Probos complementarias: Tira de ouriños positiva. Non se mide a TA.



XUIZO CLÍNICO

ITU. Non se estuda a posibilidade de HTA.

TRATAMENTO

Fosfomicina 3g.

EVOLUCIÓN

Dáse de alta sen seguimento.

CONCLUSIÓN

- ★ O feito de non poder ter acceso a atención programada no centro de saúde fai que se **usen outros servizos como a urxencia hospitalaria ou extrahospitalaria de forma equivocada**. Isto xera un sentimento de **impotencia** no persoal sanitario.
- ★ O sistema sanitario debería responsabilizarse de **garantir un mínimo seguimento a persoas con enfermidades crónicas**, incluso se o seu acceso o sistema sanitario está limitado.
- ★ A desatención da patoloxía crónica dos pacientes pode desembocar en **complicacións graves**, implicando un maior gasto para o Estado a longo prazo e con consecuencias fatais para a persoa.
- ★ Débese buscar o **equilibrio entre a normativa e a ética médica**. Son de gran importancia os **principios da bioética**, que deberían rexir a nosa práctica clínica, especialmente beneficencia e non maleficencia.

